



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Comportamento e Maniobrabilidade	Código	730496204	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Miguez Gonzalez, Marcos	Correo electrónico	marcos.miguez@udc.es	
Profesorado	Lago Rodriguez, Fernando Miguez Gonzalez, Marcos	Correo electrónico	f.lago@udc.es marcos.miguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese acadar tanto os coñecementos teóricos como prácticos que permitan ó alumno realizar a análise de maniobrabilidade e comportamento na mar, baixo a acción de distintas excitacións externas, de buques e artefactos, incluíndo ademais, o estudo dos requisitos normativos que son de aplicación nestos dous ámbitos			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecemento tanto dos fundamentos teóricos como da aplicación práctica da análise de maniobrabilidade e do comportamento do buque baixo a acción de olas incluíndo, ademais, o estudo do marco normativo nestes campos.		AP3	BM5 CM2 CM3 CM7 CM12 CM13

Contidos	
Temas	Subtemas
Ecuacións do movemento do buque.	- Derivación das ecuacións do movemento. Ecuacións lineais e non lineais. - Cálculo dos coeficientes das ecuacións do movemento.
Excitacións as que está sometido o buque.	- Forzas e momentos xerados polas ondas, ventos e correntes. - Empurro, resistencia e forzas e momentos dos elementos de control e estabilización.
Resolución das ecuacións de movemento.	- Resolución das ecuacións de movemento aplicadas a análise da maniobrabilidade do buque. - Resolución das ecuacións de movemento aplicadas a análise do comportamento do buque en mares regulares e irregulares.
Marco normativo.	- Marco normativo referido a maniobrabilidade e ao comportamento do buque no mar.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Solución de problemas	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	10	15	25
Prácticas de laboratorio	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	10	12	22
Traballos tutelados	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	5	22.5	27.5
Proba mixta	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	3	0	3
Sesión maxistral	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	20	24	44
Atención personalizada		3.5	0	3.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Ao longo do curso proporanse unha serie de problemas das distintas partes de asignatura, co obxectivo de complementar a formación teórica incluída nas sesións maxistrais.
Prácticas de laboratorio	Ao longo do curso realizarase unha práctica de laboratorio, que será de obrigada asistencia, e trala cal será necesario entregar unha memoria, na que se abordará un problema relacionado con ditas prácticas. A realización e entrega en prazo desta memoria, cuxo obxectivo, extensión e datas de entrega publicaranse na web (Moodle) da asignatura e faranse públicas nas clases presenciais, é tamén obrigatoria para superar a asignatura.
Traballos tutelados	Ao longo do curso será proposto un traballo tutelado, de carácter individual ou en grupo relacionado con algunha das partes en que se divide a asignatura. Este será de carácter obrigatorio, e será imprescindible a realización do mesmo para superar esta materia. Asimesmo, poderase esixir a presentación pública do mesmo. Esta presentación pública terá lugar nas horas lectivas do horario da materia, podendo acordar cos alumnos, en casos excepciónais e sempre a criterio do profesor, outros horarios de defensa. Os detalles das datas/prazos dos traballos, así como o seu contido e o seu carácter individual ou en grupo, publicaranse na web (Moodle) da asignatura e se farán públicas nas clases presenciais.
Proba mixta	Unha proba mixta que consistirá nun examen teórico e práctico dos contidos da asignatura.
Sesión maxistral	Presentación e desenvolvemento dos temas teóricos e prácticos citados no apartado de contidos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Traballos tutelados	Atención personalizada na realización dos problemas de cada unha das partes da asignatura, para a realización da memoria das prácticas e para a realización do traballo tutelado. Respecto aos traballos tutelados, suscitase o desenvolvemento de titorías individualizadas nas que se guiará ao alumno na correcta realización dos mesmos, aportando posible bibliografía e fontes de información e consello nas distintas fases do seu desenvolvemento. Este apartado é tamén de aplicación a aqueles alumnos con dispensa de asistencia a clase e que precisen de atención fora do horario de clases e/o titorías. Dependendo da situación epidemiolóxica, as titorías faránse presencialmente ou a través de MS Teams.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	<p>A asistencia ás prácticas de laboratorio, así como a realización e entrega en data da memoria de prácticas, é imprescindible para superar a asignatura.</p> <p>A cualificación da memoria das prácticas de laboratorio representará un máximo dun 10% sobre a nota da asignatura, a condición de que a cualificación das probas mixtas sexa superior a un 4, como se pode apreciar no apartado de Proba Mixta.</p> <p>No caso de que estas prácticas non se programen, o que se indicará ao comenzo do curso a través de Moodle, a súa calificación trasladarase aos traballos tutelados, que pasarán a ter unha cualificación do 40 %.</p>	10
Traballos tutelados	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	<p>A calificación do traballo tutelado representará un máximo dun 30% sobre a nota da asignatura, sempre e cando a calificación das probas mixtas sexa superior a un 4, como se pode apreciar no apartado de Proba obxectiva. No caso de que se programe a presentación pública do mesmo, este 30 % dividirase nun 25% correspondente a memoria e un 5 % correspondente a presentación oral.</p> <p>Aqueles alumnos que non entreguen o traballo tutelado en prazo para a súa avaliación na convocatoria ordinaria, e non realicen a presentación oral, terán unha calificación de 0 puntos neste apartado.</p> <p>As datas de entrega publicitaranse a principio de curso, nas clases presenciais e na plataforma Moodle da asignatura.</p>	30
Proba mixta	A4 B5 C2 C3 C7 C12 C13	<p>A calificación máxima desta proba mixta será dun 60 % da nota final do alumno.</p> <p>Será necesario obter máis de 4 puntos sobre 10 na calificación final da proba mixta para superar a materia.</p>	60

Observacións avaliación

Dado que a asistencia ás clases non se evalúa dentro da asignatura, os requisitos que aqueles alumnos con dispensa de asistencia a clase terán que cumprir, tanto en primeira como en segunda oportunidade, serán os mesmos requisitos que aqueles sen esta dispensa, con excepción de non ser necesaria a realización da presentación oral do traballo tutelado, nin a asistencia ás prácticas de laboratorio, nin a memoria destas prácticas.

Con todo, na data do exame correspondente, estes alumnos deberán realizar un exame de prácticas, cuxa cualificación corresponderase cun 10 % do total, e deberán responder a unha serie de preguntas sobre o traballo tutelado, que contabilizarán cun 5 % do total.

Aqueles alumnos que desexen presentarse á convocatoria adiantada, deberán cumprir os mesmos requisitos que os alumnos con dispensa académica, descritos anteriormente.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso 0 na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - E. M. Lewandowski (2004). The dynamics of marine craft. Maneuvering and seakeeping.. World Scientific - A.R.J.M. Lloyd (1998). Seakeeping. Ship behaviour in rough weather. A.R.J.M. Lloyd - R. Bhattacharyya (1978). Dynamics of marine vehicles. John Wiley & Sons - T. I. Fossen (2011). Handbook of marine craft hydrodynamics and motion control. John Wiley & Sons - O. M. Faltinsen (1990). Sea loads on ships and offshore structures. Cambridge University Press
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Oceanografía/730496208

Métodos Numéricos/730496215

Ampliación de Hidrostática e Hidrodinámica/730496222

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo fin de mestrado(en extinción)/730496023

Dinámica de Artefactos Oceánicos/730496209

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentales que se realicen nesta materia: Solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informático. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. En caso de ser necesario realízalos en papel: Non se empregarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a impresión de borradores. Débese de facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Por outra banda, e no tocante á perspectiva de xénero na docencia: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías